



## ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO PACTO DE NOMEAMENTOS DE CONTINUIDADE DO 11 DE NOVEMBRO DE 2025

### **Pola Administración**

María Begoña Caamaño del Castillo.  
Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais.  
Nieves Fiel Paz. Subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional e Sistemas de Información.

### **Polas organizacións sindicais (OOSS):**

Carlos Castro Rivas (CSIF)  
Carolina Moldes Castiñeira (CSIF)  
Javier Martínez Fente (UGT)  
Verónica Peteiro Fernández (SATSE)  
M<sup>a</sup> Enma Rodríguez Corte (SATSE)

**Lugar:** Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde. Edificio Administrativo de San Lázaro. Santiago de Compostela.

**Hora de comezo:** 9:30 h.

**Hora de remate:** 10.45 h.

**Asistentes:** as persoas que se relacionan no cadro adxunto.

### **Orde do día:**

Reunión da Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do apartado 10 da Resolución do 24 de

xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, na que se dispón a publicación das bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade (DOG Núm. 22, do 31 de xaneiro)

1. Lectura e aprobación da acta da reunión do 3 de setembro de 2025
2. Entrega do informe co número dos nomeamentos de continuidade por ano.
3. Proposta de aplicación do acordo do nomeamento estatutario eventual de continuidade para as categorías de Celador/a e Técnico/a en coidades auxiliares de enfermaría.
4. Rogos e Preguntas

### **Punto 1**

Apróbase a acta da reunión do 3 de setembro 2025.

### **Punto 2**

Remitiuse ás organizacións sindicais o listado do número dos nomeamentos de continuidade por ano. Dáse unha rolda para alegacións.

CISIF: considera que no caso de que os nomeamentos estean tres anos en activo aínda que sexa con distinto profesional deben converterse en estruturais, non só as ocupadas por un mesmo

profesional.

UGT: Alega, tamén, que cando os nomeamentos cumpran tres anos co mesmo ou distinto profesional, deben considerarse estruturais, non só por estar ocupadas por un mesmo profesional.

SATSE: A súa alegación segue a mesma liña, tres anos dende a súa contratación implicará a súa conversión en praza estrutural, non só por estar ocupada polo mesmo profesional.

A Administración considera que a conversión en praza estrutural debería ser se se manteñen as mesmas causas de cobertura de necesidades, tal e como aparece no punto catro da Resolución de 24 de xaneiro de 2019, dado que este punto fai referencia a: *"1. A determinación do número e formalización destes nomeamentos requirirá a previa xustificación das circunstancias concorrentes e da súa necesidade para cubrir as necesidades asistenciais e garantir o funcionamento continuado e permanente dos centros sanitarios do distrito. En particular, ademais das necesidades actuais xa existentes, terase en conta a análise do persoal dispoñible nos centros valorados para os nomeamentos e as incidencias asistenciais o cálculo das ausencias – con e sen substitución- que se solen producir na actividade normal. Indicarase na xustificación, en particular, o número de nomeamentos eventuais e de substitución que foi preciso realizar no exercicio anterior"*.

É dicir, a conversión en estruturais dependerá de se se manteñen as condicións anteriores. Actualmente solicitáronse, para o ano 2026, un total de 52 prazas, pero ocuparanse cando o/a profesional cumpra os tres anos ou a Xerencia considere que pode ser estrutural.

Todos os sindicatos alegan que non están de acordo con que estes contratos se convertan en correturnos.

Pedirase ás Xerencias que, no que respecta á necesidade de creación de praza estrutural ou non, analicen os nomeamentos de continuidade que, sen ter un mesmo profesional, se alonguen máis de dous anos.

### **Punto 3**

A administración propón a extensión do acordo a Técnico/a de Coidados Auxiliares de Enfermaría e Celadores/as.

O acordo é unánime sempre coas condicións recollidas no acordo inicial.

UGT solicita que se incorpore a categoría de PSX.

Neste último caso, a administración opina que as Xerencias das áreas poderían analizar aqueles casos nos que, sumando as horas de dous PACs, se puidera crear unha praza de tipo estrutural,



non coxuntural, polo que se valorará o nomeamento de continuidade e no prazo de dous anos analizarase a opción de manter esta praza como estrutural con cargo a dous PAC ou eliminar este nomeamento.

## ACORDO

Ao abeiro da habilitación recollida no apartado segundo das bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade (DOG Núm. 22, do 31 de xaneiro), acórdase estender a aplicación deste nomeamento ás categorías de Técnico/a de Coidados Auxiliares de Enfermaría, Celador/.

As condicións serán as mesmas que no acordo aparecen para a categoría de enfermeiro/a.

Logo de tratar os asuntos recollidos na orde do día, dáse por finalizada a reunión ás 10:45 horas.

Pola Administración

Polas organizacións sindicais

CSIF

UGT

SATSE

